



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019 Relacionado co expdte 2342/2019 (SIA: 1431897) Elaboración e Aprobación do Orzamento
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Responsable	Secretaria
Documento	ANUNCIO de alcaldía
Trámite	Listaxe DEFINITIVA de admitidos/ as e excluídos/as. Resolución das renuncias formuladas por membros do Tribunal cualificador. Modificación do Tribunal cualificador nos postos afectados polas renuncias. Sinalamto de data, hora e lugar de CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL e de CELEBRACIÓN DA 1ª PROBA

ANUNCIO DE ALCALDÍA

Logo da publicación, en data 23.06.2020, do correspondente anuncio, co núm 2020-0034, no taboleiro electrónico do concello, relativo á aprobación da listaxe provisional de admitidos /as e excluídos/as e téndose rematado o prazo establecido na base 6ª para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da LPAC, así como formular recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP),

Tendo en conta que non consta documentación presentada en tempo e forma polos candidatos que resultaron excluídos provisionalmente e considerando que non foron presentadas reclamacións ou alegacións contra o listado provisional, nin formulada recusación contra os membros do Tribunal

Considerando que as renuncias formuladas polos membros do Tribunal cualificador, designados por resolución de alcaldía núm. 2020-0819 de data 23.06.2020, se fundamentan en motivos alleos ás causas de abstención previstas na LRXSP e se basean en causas excepcionais aceptables para a admisión da renuncia e para garantir o correcto funcionamento do órgano cualificador do proceso selectivo de referencia.

Mediante resolución de alcaldía núm. 2020-0890 de data 07.07.2020 resolveuse, entre outros, o seguinte:

1º.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Técnica/ Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu e en consecuencia declarar admitidos/as DEFINITIVAMENTE aos/ ás aspirantes presentados/as que figuran no anexo I adxunto á presente resolución, non tendo tal consideración os declarados excluídos de xeito definitivo relacionados no anexo II, adxuntos a presente resolución, toda vez que os

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: JCQ7A3Q6GSCN7XXGM15RQK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Bueu

aspirantes que figuran excluídos definitivamente non presentaron documentación algunha no prazo outorgado para a subsanación.

2º.- Admitir as renuncias formuladas pola primeira vocal titular do Tribunal cualificador, María Lorena López Rodríguez, polo 3º vocal titular, Ramón Hermida- Cachalvite Vázquez, e pola suplente da 1ª vocal titular, María Blanco Rodríguez, membros do tribunal cualificador designados mediante resolución de alcaldía núm. 2020-0819 de data 23.06.2020, por considerar que as causas ten natureza excepcional axeitadas para a súa admisión e co obxecto de garantir o correcto funcionamento do órgano cualificador do proceso selectivo de referencia.

3º.- Proceder á modificación na composición nominativa do Tribunal cualificador efectuando nomeamento dos seguintes membros para os postos afectados pola admisión das renuncias resoltas no punto anterior, do seguinte xeito:

Vogais:

1º Vocal titular: Blanca Ana Roig Sánchez, técnica de administración xeral da Xerencia de Urbanismo do concello de Vigo e funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Suplente do 1º vocal: Bárbara Veiga Vidal, Interventora do concello de Vilaboa (funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

Suplente do 2º vocal: Alicia Paula Otero González, técnica de administración xeral Xefa de Servizo do Gabinete de Alcaldía do Concello de Pontevedra.

3º vocal titular: Alberto Pensado Seijas, técnico de administración xeral do concello de Marín.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015.

O Tribunal cualificador queda por tanto formado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Nuria Lobato del Rio, Secretaria do concello de Bueu (funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

Suplente: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do concello de Bueu (funcionario pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

Secretario:

Titular: Jacobo Vecino Reimundo, Tesoureiro do concello de Cangas (funcionario pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)





Concello de Bueu

Suplente: Beatriz Cerro del Río, Secretaria do concello de Pontecaldelas (funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

Vogais:

1º titular: Blanca Ana Roig Sánchez, técnica de administración xeral da Xerencia de Urbanismo do concello de Vigo e funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Suplente do 1º vocal: Bárbara Veiga Vidal, Interventora do concello de Vilaboa (funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

2º Titular: Encarna Dapena Losada, técnica de administración xeral do concello de Pontevedra.

Suplente: Alicia Paula Otero González, técnica de administración xeral Xefa de Servizo do Gabinete de Alcaldía do Concello de Pontevedra.

3º Titular: Alberto Pensado Seijas, técnico de administración xeral do concello de Marín.

Suplente: Elena Ares Salgado, técnica de administración xeral da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

4º. Convocar os/as candidatos admitidos definitivamente, relacionados no anexo I adxunto á presente resolución, á **celebración da primeira proba do proceso selectivo "Probas teóricas"** (de carácter obrigatorio e eliminatorio), na seguinte data, lugar e hora:

24 de setembro de 2020, na sala multiusos (primeira planta) do Centro social do Mar, sito na Avda. Montero Ríos núm. 78 Bueu, CP 36930, ás 10 horas da mañá.

Para o **suposto de modificación do lugar, data e/ou hora do comezo da celebración da 1ª proba do proceso selectivo de referencia habilítase expresamente á Presidenta do Tribunal** para dispoñer tales cambios que deberán ser, no seu caso, anunciados mediante o correspondente anuncio publicado no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público" sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello.

5º.- Informar os/as aspirantes admitidos definitivamente que a proba efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica da proba.

Na celebración das probas do procedemento garantíranse as **medidas de seguridade por mor do COVID19, tanto as que debe establecer o concello como administración convocante, como as que deben cumprir os/as candidatos/as** que concorran en base ás normas vixentes no momento de celebración da proba, para asegurar a eficiencia na xestión da crise e a celebración presencial das probas correspondentes a este procedemento en condicións de seguridade e protección da saúde pública e da de todos aqueles que participen no proceso.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: JCQ7A3QN6GCSNCR7XXGM15RQK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Bueu

Deste xeito, sen prexuízo das medidas que puideran chegar a adoptarse que leven a modificación das condicións de celebración das probas, por mor da evolución da crise sanitaria, tendo en conta que o número de candidatos que figura no listaxe de admitidos non resulta elevado, se realizará a mesma co cumprimento de medidas de distanciamento imposta pola autoridade sanitaria e concretamente as que resultan da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade publicada no DOG núm. 115 de 13.6.2020, modificada pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade publicada no DOG. Núm. 126 de 27.6.2020.

Os/as aspirantes asistentes á proba deberán cumprir, en todo momento, as medidas de distanciamento e seguridade impostas pola autoridade sanitaria competente e polo concello de Bueu e especialmente as seguintes:

1º.- *Cumprir coas distancias de seguridade (mantemento da distancia interpersoal en todo momento)*

2º.- *Evitar cruces cando se faga uso de pasos ou vías estreitas onde non se poida gardar as medidas de seguridade, de ser o caso,*

3º.- *Deberán acudir provistos de mascarilla e realizar a hixiene de mans obrigatoria á entrada e saída do salón de actos facendo uso dos produtos de limpeza de mans (xel hidroalcohólico) situados en zonas comúns do Centro social do Mar*

4º.- *Seguir, en todo momento, as indicacións dos membros do Tribunal e as contidas nos carteis informativos.*

5º.- *Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos non debe acudir á celebración da sesión.*

Estas medidas poderán ser modificadas, en calquera momento, por mor da evolución da crise sanitaria e das instrucións e ordes das administracións con competencias en materia sanitaria. Calquera modificación destas medidas será anunciada coa antelación suficiente mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello

O incumprimento das devanditas normas e instrucións poderán determinar a prohibición do acceso á celebración da/s proba/s do procedemento selectivo.

6º.- Convocar aos membros titulares do Tribunal para a celebración da sesión constitutiva o 22 de xullo de 2020 ás 10 horas, no salón de Plenos da casa consistorial, sito na primeira planta da casa consistorial do concello de Bueu.

Os/as aspirantes dispoñen dun prazo de tres (3) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, para formular recusación dos novos membros do tribunal nomeados en virtude da resolución de alcaldía núm. 2020-0890 de

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: JCQ7A3QN6GCSN7XXGML5RQK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello de Bueu

data 07.07.2020 , coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP) .

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: JCQ7A3QN6GCSNCR7XXGML5RQK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 5 a 7



Concello de Bueu

ANEXO I.- LISTADO DEFINITIVO DE ADMITID@S

N.º	ASPIRANTES	DNI
1	ABELLEIRA ARGIBAY VICTOR LORENZO	***2125**
2	CARRERA DACUÑA ALBA	***5414**
3	FANDIÑO CORTIZO LAURA	***1886**
4	FERNANDEZ BOADA ESTHER	***2414**
5	LEIRACHA AMADO ALBA-ATENEA	***1066**
6	LOPEZ PEREZ REYES	***4354**
7	MOREIRA FERRO JACOBO	***9429**
8	MORILLO RODRIGUEZ MARIA CARMEN	***2727**
9	MUNAIZ ALONSO MERCEDES	***2728**
10	NOVEGIL AROSA SARA	***5899**
11	PAZ NOVAS ELENA	***1377**
12	PINTOS PEREZ JAIME ANTONIO	***5840**
13	PIÑEIRO GODAR BEATRIZ	***5816**
14	REY BARRAL EDUARDO JOSE	***8882**
15	RIVEIRO RODRIGUEZ MARIA DEL PILAR	***8733**
16	RODRIGUEZ ALONSO CRISTINA MARIA	***2048**
17	SALGUEIRO FERNANDEZ VIVIANA	***7253**
18	SIEIRA PEREZ JUAN ANDRES	***5896**
19	SILVA MALHEIRO GONçALO MIGUEL	***0997**
20	SOLIÑO LUBIÁNS TALMA	***0763**
21	VARELA CARBALLUDE EULALIA	***9103**
22	VILAS SOTO CARMEN MARIA	***1197**





Concello de Bueu

ANEXO II.- LISTADO DEFINITIVO DE EXCLUÍD@S

	ASPIRANTES	DNI
1	FERNANDEZ COPA JOSE ALBERTO	***8791**
2	POUSADA PACHECO MARIA	***1448**
3	TORRES FERRADAS ANGEL MANUEL	***1241**

